



POBOS PRECOLOMBIANOS + MONARQUÍA HISPÁNICA



CHEGADA DE CRISTOVO COLÓN (1492)



Colón chegou a América buscando unha nova ruta ás indias. Este feito cambiou a Historia.

ENFERMIDADES



Enfermidades traídas polos europeos, como a varíola, causaron millóns de mortes entre a poboación indíxena.

SISTEMA DE ENCOMENDAS



Os colonos recibiron terras e indíxenas para traballar nelas a cambio de suposta protección e ensinanza relixiosa.

EXPLOTACIÓN ECONÓMICA



As colonias foron utilizadas para extraer ouro, prata e outros recursos naturais en beneficio de Europa.

BARTOLOMÉ DE LAS CASAS



Alguns defendían os dereitos dos indíxenas, como este frade dominico, aínda que a súa voz non sempre foi escoitada

CONQUISTA MILITAR



Os europeos, especialmente os españois, usaron a forza para conquistar terras e pobos indíxenas como os aztecas e os incas.

ESCRAVITUDE



Moitas persoas indíxenas foron obrigadas a traballar como escravas en plantacións e minas.

EVANXELIZACIÓN



Os misioneiros trataron de converter os pobos indíxenas ao cristianismo, eliminando moitas das súas tradicións e crenzas.

MESTIZAXE



A mestura entre europeos, indíxenas e africanos orixinou novas culturas e sociedades en América.

CONSECUENCIAS

A conquista tivo efectos duradeiros: desigualdades sociais, perda de culturas indíxenas e a conexión global entre América, Europa, África e Asia.



“Os pobos precolombianos e a Monarquía Hispánica”, do proxecto cREAgal, publícase con [Licenza Creative Commons Reconocimiento No-comercial Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)

Os símbolos pictográficos utilizados son propiedade do Goberno de Aragón e foron creados por Sergio Palao para [ARASAAC](http://www.arasaac.org) (<http://www.arasaac.org>), que os distribúe baixo [Licenza Creative Commons BY-NC-SA](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/).